

CIRCULAR Nº8/2021, DA DIRECCIÓN XERAL DE CENTROS E RECURSOS HUMANOS, POLA QUE SE DITAN INSTRUCIÓNS E SE SINALAN DIVERSOS ASPECTOS RELACIONADOS CO CONCURSO XERAL DE TRASLADOS DE ÁMBITO AUTONÓMICO CONVOCADO POLA ORDE DO 26 DE OUTUBRO DE 2021, NOS CORPOS DE CATEDRÁTICOS E PROFESORES DE ENSINO SECUNDARIO, ESCOLAS OFICIAIS DE IDIOMAS, ARTES PLÁSTICAS E DESEÑO, CATEDRÁTICOS E PROFESORES DE MÚSICA E ARTES ESCÉNICAS, PROFESORES TÉCNICOS DE FORMACIÓN PROFESIONAL, MESTRES DE TALLER DE ARTES PLÁSTICAS E DESEÑO, MESTRES, INSPECTORES AO SERVIZO DA ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA E INSPECTORES DE EDUCACIÓN (CÓDIGO DE PROCEDIMENTO ED012A).

Coa finalidade de clarificar o máximo posible o procedemento de participación no concurso e os criterios que se van a utilizar na baremación, dítanse as seguintes instrucións:

ÁMBITO DE APLICACIÓN

Autonómico

SOLICITUDES

As persoas participantes no concurso xeral de traslados do curso académico 2020/21 que non obtiveron destino neste poderán acceder á solicitude anterior. Esta solicitude poderá ter modificacións derivadas das seguintes transformacións e integracións:

A) Transformacións:

15025682-IES Fraga do Eume como consecuencia da súa transformación no CIFP Fraga do Eume

15021469-IES Leixa como consecuencia da súa transformación no CIFP Leixa

15005749-IES Universidade Laboral como consecuencia da súa transformación no CIFP Universidade Laboral

As peticións formuladas na solicitude do concurso xeral de traslados inmediatamente anterior permanecen como peticións aos novos centros integrados de formación profesional ao manterse ao mesmo código de centro.

B) Integracións

15008659-CEIP Plurilingüe de Pino de Val como consecuencia da súa integración no CPI Plurilingüe da Picota de Mazaricos (15008714)

27014586-CEIP de Baamonde de Begonte como consecuencia da súa integración no CEIP Virxe do Corpiño de Begonte (27000897)



Neste caso, ao persoal que pretenda concursar ao CPI Plurilingüe da Picota ou o CEIP Virxe do Corpiño de Begonte deberá engadir as peticións relativas a estes centros na súa solicitude xa que non se produciron modificacións nas solicitudes do concurso inmediatamente anterior como consecuencia das integracións levadas a cabo.

Nas novas solicitudes a aplicación informática non permitirá:

- Solicitar códigos erróneos de centros da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Cubrir incorrectamente o apartado de vernáculo nos centros da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Cando se solicite unha praza bilingüe advertirá que se desexamos solicitar tamén o mesmo centro sen bilingüismo debemos repetir o código do centro sen cumprimentar a casilla referida ao bilingüismo.
- Cando se solicite unha praza itinerante advertirá que se desexamos solicitar tamén o mesmo centro sen itinerancia debemos repetir o código do centro sen cumprimentar a casilla referida á itinerancia.

PRAZO DE XUSTIFICACIÓN DOS MÉRITOS ALEGADOS

Deberá terse moi en conta que os méritos deberán xustificarse correctamente no prazo de presentación de solicitudes. A base vixésima primeira da convocatoria do concurso establece que *“Non serán tidos en conta aqueles méritos alegados que non fosen debidamente xustificadas no prazo de solicitudes establecido na base vixésimo terceira”*.

VACANTES

Ofértanse neste concurso:

- As previstas no momento da convocatoria
- As que se produzan por xubilación forzosa por cumprimento dos 70 anos de idade ata o 31 de agosto de 2022.
- As que se produzan ata o 31 de decembro de 2021.
- As que resulten da resolución do concurso en cada corpo polo que se concursa
- As que resulten da resolución do concursos de traslados de orientación educativa do corpo de mestres.

A convocatoria destas prazas vacantes está condicionada a que o seu funcionamento estea previsto na planificación xeral educativa.



Poderanse ofertar vacantes nos centros integrados de formación profesional nas especialidades con competencia docente para impartir os módulos formativos de Comunicación e sociedade e de Ciencias aplicadas da formación profesional básica.

VACANTES ITINERANTES

Nas vacantes dos centros de educación infantil e primaria, primaria, educación especial, centros públicos integrados e institutos de ensino secundario incluíranse as vacantes itinerantes que procedan das especialidades de pedagogía terapéutica e audición e linguaxe. Asemade se considerarán itinerantes as prazas correspondentes aos colexios rurais agrupados das especialidades 032, 033, 034, 035, 036 e 037 do corpo 0597.

ESPECIALIDADE DE “PRIMARIA”

De conformidade co establecido na disposición adicional cuarta do Real decreto 1364/2010, do 29 de outubro, todo o persoal docente do corpo de mestres que fose funcionario de carreira o 31 de outubro de 2010 está habilitado na especialidade de “primaria”.

De conformidade co artigo décimo da Orde do 23 de xuño de 2020 pola que se establece o procedemento de recoñecemento de especialidades do persoal funcionario de carreira do corpo de mestres (código de procedemento ED020A), a especialidade de educación primaria será recoñecida de oficio pola Administración educativa ao persoal funcionario de carreira do corpo de mestres que posúa algunha das titulacións que para esta especialidade se determinan no anexo do Real decreto 1594/2011, do 4 de novembro.

O persoal participante forzoso que teñan recoñecida esta especialidade debe participar pola mesma para prazas da nosa comunidade autónoma.

FORMA DE EXERCER O DEREITO PREFERENTE A CENTRO

Para exercer o dereito preferente a centro, a persoa interesada deberá poñer na terceira lapela da solicitude o código do centro no que exerce o dereito preferente. Na mesma lapela, marcará cunha X o suposto polo que exerce o dereito preferente a centro e consignará, tamén na mesma lapela, en tipo de praza a especialidade ou especialidades das que é titular, ou para as que está habilitada, priorizando estas coas combinacións posibles de vernáculo (V), bilingüismo (B) e itinerancia (I). Para estes efectos, poderá repetir a mesma especialidade todas as veces que sexan necesarias, ata as 40 combinacións que, como máximo, poden efectuarse.

A aplicación informática que resolve o concurso de traslados combinará o centro de dereito preferente coas prioridades explicitadas en tipo de praza, polo que o persoal concursante que exerza o dereito preferente a centro non deberá incluír este centro na lapela da solicitude na que se fan as peticións.



A aplicación informática non permitirá incluír o centro de dereito preferente nas peticións.

FORMA DE EXERCER O DEREITO PREFERENTE A LOCALIDADE

O persoal docente do corpo de mestres exercerá este dereito preferente con carácter forzoso á localidade na que estaba situado o seu centro de destino, no suposto de que exista outro ou outros centros na localidade; de non ser así, participará á localidade na que teña recoñecido o dereito preferente como consecuencia da escolarización do alumnado. *Pode participar con carácter voluntario a unha ou máis localidades da zona do seu ámbito, podendo, neste suposto, priorizar no punto de peticións estas localidades sobre as que lle acredita o dereito.*

O restante profesorado poderá exercer o dereito preferente á localidade onde tivo o último destino definitivo.

Para exercer o dereito preferente a localidade e/ou zona educativa, a persoa interesada deberá formalizar na cuarta lapela da solicitude o código da localidade e, e é o caso, da zona na que exerce o dereito preferente. Na mesma lapela, marcará cunha X o suposto polo que exerce este dereito e consignará, tamén na mesma lapela, en tipo de praza a especialidade ou especialidades das que é titular ou para as que está habilitada, priorizando estas coas combinacións posibles de vernáculo (V), bilingüismo (B) e itinerancia (I). Para estes efectos poderá repetir a mesma especialidade todas as veces que sexan necesarias, ata as 40 combinacións que, como máximo, poden efectuarse.

O persoal docente que exerza este dereito preferente deberá, na páxina correspondente da solicitude, nos recadros de centro ou localidade, especificar por orde de prioridade os códigos dos centros ou localidades nos que exercen este dereito, especificando no recadro correspondente referido a tipo de praza, as siglas *DPL*, que significan dereito preferente a localidade. Nestes casos, en tipo de praza non se porá o código da especialidade.

Se exerce o dereito preferente á localidade, a aplicación informática obrigará a que, polo menos, na primeira petición se consigne DPL e non o código da especialidade.

Todas as peticións correspondentes á localidade ou zona na que se exerce o dereito preferente virán consignadas por bloques homoxéneos, de tal xeito que todas as peticións de centros dunha mesma localidade deben vir correlativas, sen que se poida repetir dúas veces un bloque correspondente a unha mesma localidade.

A aplicación informática que resolve o concurso incluírá como DPL os centros non solicitados que pertencen á localidade na que é preceptivo solicitar o dereito preferente e os das localidades nas que se solicitase algún centro, agás os Colexios Rurais Agrupados e, para os profesores técnicos de formación profesional os centros de educación especial, e, se é o caso, as especialidades non consignadas. Se hai algunha localidade da zona na que o



interesado ou interesada non solicitou ningún centro, a aplicación informática non incluírá os centros desta.

Unha vez realizadas peticións de carácter voluntario, non poderán solicitarse posteriormente centros nos que se pretenda exercer o dereito preferente. A aparición da primeira petición con código de especialidade distinto de “DPL” provocará que se consideren fóra do dereito preferente esta e todas as peticións restantes.

A aplicación informática que resolve o concurso de traslados combinará as táboas das lapelas 4 e 7 da solicitude, dando prioridade á localidade sobre a especialidade, pero á especialidade sobre o centro.

Exemplo:

a) Táboa de especialidades + vernáculos + bilingües + itinerantes

TIPO DE PRAZA 1				TIPO DE PRAZA 2			
Cod. Espec.	vernáculo	BIL	ITIN	Cod. Espec.	vernáculo	BIL	ITIN
590001	A	0	0	590002	B	2	0

b) Táboa de peticións a centro ou localidade.

Petición do participante	Comentarios
C1	DPL Centro pertencente á localidade 2
C2	DPL Centro pertencente á localidade 2
L1	DPL

Estas dúas táboas darán lugar ao seguinte conxunto de peticións voluntarias:

C1	590001 A 0 0
C2	590001 A 0 0
C1	590002 B 2 0
C2	590002 B 2 0
L1	590001 A 0 0
L1	590002 B 2 0



PERSOAL FUNCIONARIO EN PRÁCTICAS

O persoal funcionario en prácticas está obrigado a participar no concurso e farao con cero puntos.

DEREITO DE CONCORRENCIA

O dereito de concorrencia soamente pode exercerse polo persoal participante como voluntario con destino definitivo.

A concorrencia poderá ser exercida por docentes do mesmo corpo coas seguintes excepcións:

. 511 + 590

. 512 + 592

. 513 + 595

FORMA DE PARTICIPACIÓN

A partir deste concurso xeral de traslados a forma de participación será exclusivamente por medios electrónicos de modo que as solicitudes (anexo I) presentaranse obrigatoriamente a través do formulario normalizado accesible na páxina web www.edu.xunta.gal/cxt e presentarse obrigatoriamente por medios electrónicos na sede electrónica da Xunta de Galicia <https://sede.xunta.gal>.

Para a presentación das solicitudes poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave 365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>)

Así mesmo, cando se concurse por máis dunha especialidade, o persoal concursante presentará unha única solicitude e, no suposto de participar no concurso de traslados por máis dun corpo, presentará unha solicitude por cada corpo que se participa. No caso de presentar máis dunha solicitude do mesmo tipo soamente se admitirá a última presentada na sede electrónica da Xunta de Galicia.

Non será necesaria a presentación de documentación complementaria xunto coa solicitude de participación no concurso de traslados no procedemento código ED012A. Non obstante, se o expediente do persoal concursante non está actualizado ou se discrepa dos datos contidos en calquera categoría de datos deste poderase actualizar ou modificar no prazo de presentación de solicitudes do concurso xeral de traslados coa presentación por medios electrónicos da solicitude normalizada de actualización e/ou modificación do expediente do persoal funcionario dos corpos docentes e do persoal laboral docente que imparte



ensinanzas non universitarias en centros dependentes da Consellería de Cultura, Educación e Universidade (código de procedemento ED011A). Deste modo, neste suposto, o persoal concursante deberá presentar por medios electrónicos a solicitude de participación no concurso xeral de traslados empregando a solicitude normalizada do procedemento ED012A e, ademais, e tamén por medios electrónicos, a solicitude de actualización e/ou modificación do expediente persoal e a documentación xustificada das alegacións efectuadas empregando a solicitude normalizada do procedemento ED011A. No menú do concurso xeral de traslados, unha vez creada a solicitude de participación, poderá empregar a lapela *“Datos persoais”*, que figura á esquerda da páxina, para acceder a solicitude normalizada de actualización/modificación do expediente persoal (ED011A).

Tamén é posible que teñamos méritos xa validados no expediente persoal pero que non son obxecto de baremación. Se discrepamos desta baremación debemos facelo constar na solicitude de participación do concurso de traslados empregando a ligazón *“Alegar baremo”* dispoñible no menú Participación/As miñas instancias/Buscar unha vez que teñamos creada unha solicitude de participación. Logo de acceder a esta ligazón poderase indicar por cada apartado do baremo todos aqueles méritos que, constando xa no expediente persoal, non se bareman e consideramos que deben ser baremados, ou que non son baremados por unha epígrafe e cremos que deben selo por outra.

Se pola contra os méritos non constan no expediente persoal, deberase proceder segundo se indicou nos parágrafos antecedentes e, en consecuencia, habería que presentar, ademais da solicitude de participación no concurso, unha solicitude de actualización/modificación do expediente persoal por medios electrónicos mediante a solicitude normalizada ED011A e achegar a documentación xustificativa.

En relación coas epígrafes 6.1 e 6.3 do anexo XVII e 4.1 do anexo XVIII, o persoal que participou no concurso de traslados convocado pola Orde do 8 de novembro de 2010(DOG do 16), ou polas convocatorias seguintes, concorrerá coa puntuación que nestes apartados lle foi outorgada pola comisión de avaliación, podendo presentar para a súa consideración novos méritos sempre que estean perfeccionados con posterioridade ao remate do prazo de solicitude da última convocatoria en que participou.

Para estes efectos, deberán marcar a opción de *“Acóllome ao baremo pero desexo alegar publicacións posteriores ao último concurso no que participei”* na lapela correspondente da solicitude de actualización do expediente e, ademais de presentar a solicitude de participación no concurso por medios electrónicos (código de procedemento ED012A), deberán presentar tamén por medios electrónicos a solicitude de actualización e/ou modificación do expediente xunto coa documentación xustificativa de acordo co establecido no artigo 7 da Orde do 2 de xuño de 2021 pola que se regulan o contido, uso e acceso ao expediente do persoal funcionario dos corpos docentes e do persoal laboral



docente que imparte as ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006 (código de procedemento ED011A).

Se con carácter excepcional, o persoal interesado discrepa da puntuación outorgada nestas epígrafes, deberá marcar na lapela correspondente da solicitude de actualización do expediente a opción de *“Non me acollo ao baremo e quero voltar a alegar todo”* e, ademais de presentar a solicitude de participación no concurso por medios electrónicos (código de procedemento ED012A), deberán presentar tamén por medios electrónicos a solicitude de actualización e/ou modificación do expediente xunto coa documentación xustificativa de acordo co establecido no artigo 7 da Orde do 2 de xuño de 2021 pola que se regulan o contido, uso e acceso ao expediente do persoal funcionario dos corpos docentes e do persoal laboral docente que imparte as ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006 (código de procedemento ED011A). Neste concreto suposto, no procedemento código ED011A deberá achegar xunto coa solicitude toda a documentación para a que solicita baremación relativa a estas epígrafes.

No tocante á presentación dos arquivos electrónicos relativos á antedita documentación xustificativa deberá aterse aos requirimentos técnicos soportados pola sede electrónica da Xunta de Galicia, que poden consultarse na lapela Presentación: *“Presentar documentación de gran tamaño: Consulte como proceder cos documentos de gran tamaño e en distintos formatos”* que figuran na guía de procedementos e servizos correspondente ao procedemento co código ED011A.

Deberá terse en conta que neste concurso computase os servizos prestados como persoal interino docente como se fosen prestados como funcionario de carreira nos apartados 1.1.1, 1.1.3, 1.2.1, 1.2.2, 1.2.3, 4.1, 4.2 e 4.3 do anexo XVII e no apartado 1.3.2 do anexo XVIII da Orde de convocatoria.

FINALIZACIÓN E PRESENTACIÓN DA SOLICITUDE EN SEDE ELECTRÓNICA

Unha vez cuberta a solicitude deberá premer na lapela de *“Validación final”* e aparecerá a seguinte mensaxe: *“A instancia foi validada con éxito”*. Unha vez validada deberá proceder a súa presentación telemática premendo no botón **Enviar á sede** e a continuación amosarase unha nova mensaxe que indicará *“O envío do borrador á Sede Electrónica realizouse con éxito. A continuación debe presentar a solicitude na sede premendo a ligazón dispoñible nesta páxina”*.

Para a presentación da solicitude debe premer na ligazón [Ir a Sede Electrónica da Xunta de Galicia](#).

Unha vez na Sede Electrónica deberá identificarse mediante calquera dos medios admitidos e no apartado **Últimos borradores** deberá escoller a solicitude **ED012A Participación no concurso xeral de traslados do corpo de persoal docente...**e premer no botón **Acción-**



Continuar. A seguir a sede ofreceralle a opción de engadir documentación (lembre que neste procedemento non é preciso achegar ningunha documentación) e, de seguido, **asinar e presentar.** Neste momento a solicitude figurará no apartado ***Últimos expedientes e presentacións.***

Para comprobar que a presentación da solicitude realizouse correctamente deberá descargar o recibo xustificativo da presentación en sede así como a solicitude de participación.

POSIBILIDADE DE ACOLLERSE A NON TER PUNTUACIÓN

O persoal participante forzoso que nunca obtivo o seu primeiro destino definitivo poderá acollerse a non ter puntuación no concurso, e marcar esta opción na lapela de Participación forzosa que aparece na solicitude. Neste caso, participará no concurso unicamente coa puntuación que corresponda polo punto 1.1.2 e 1.2.1 do baremo que se publica como anexo XVII da orde de convocatoria.

PRAZO DE SOLICITUDE

O prazo de solicitude iniciase o día 9 de novembro de 2021 e remata o 29 de novembro de 2021, ambos os dous incluídos. **Finalizado este prazo non se admitirá ningunha solicitude nin a modificación das presentadas.**

NÚMERO DE PETICIÓNS MÁXIMAS QUE PODEN REALIZARSE

O número de peticións que cada participante pode incluír na súa solicitude *non poderá exceder* das 400 nos corpos de profesores de ensino secundario e das 500 no corpo de mestres aínda que estas poderán ser a centro e/ou localidades.

PRAZAS QUE NON SE ADXUDICAN DE OFICIO

Neste concurso de traslados non se adxudicarán de oficio as prazas itinerantes nin as bilingües. Tampouco se adxudicarán de oficio as prazas das especialidades do corpo de profesores técnicos de formación profesional situadas nos centros de educación especial.

DATA PREVISTA DE PUBLICACIÓN DA RESOLUCIÓN PROVISIONAL

A data de publicación prevista da resolución provisional do concurso xeral de traslados para os corpos de profesores de ensino secundario e de mestres será o día 15 de febreiro de 2022.

RECLAMACIÓNS E RENUNCIAS

O persoal concursante poderá presentar reclamación á resolución provisional por medios electrónicos mediante o trámite activado para este efecto na Sede Electrónica



(<https://sede.xunta.gal/a-mina-sede/>) no prazo de dez (10) días hábiles contados desde o día seguinte á publicación da adxudicación de destinos provisionais na páxina web da Consellería de Cultura, Educación e Universidade (www.edu.xunta.gal). Para iso deberá localizar no apartado Últimos expedientes e presentacións a solicitude de participación, premer no botón Acción e a continuación seleccionar Alegacións e seguir os pasos que se lle indiquen.

Sen prexuízo deste prazo, o persoal concursante poderá presentar reclamacións á puntuación outorgada con anterioridade á resolución provisional do concurso, unha vez que se fagan públicas na páxina web desta consellería.

Así mesmo, no mesmo prazo de 10 días hábiles, poderán presentar renuncia á súa participación no concurso por medios electrónicos mediante o trámite activado para este efecto na Sede Electrónica. Esta renuncia afectará a todas as peticións e especialidades consignadas na súa solicitude de participación. A renuncia deberá realizarse tamén, dentro deste mesmo prazo na páxina web do concurso (www.edu.xunta.es/cxt) na lapela habilitada para estes efectos.

As persoas que desexen renunciar á súa participación no concurso, deberán realizar a renuncia aínda no suposto de que non obtivesen destino na resolución provisional, xa que, de non o facer, poderán obter destino na resolución definitiva, cos efectos previstos na base trixésimo primeira da orde de convocatoria deste concurso. Para realizar a renuncia na sede deberá acceder a súa sede, localizar no apartado Últimos expedientes e presentacións a solicitude de participación, premer no botón Acción e a continuación seleccionar Renuncia e seguir os pasos que se lle indiquen.

CRITERIOS DE BAREMACIÓN

Deberá ter en conta que os criterios de baremacións que se van a expoñer non vinculan o persoal concursante. Se vostede non está conforme cos criterios de baremación, deberá facelo constar na súa solicitude e posteriormente reclamar na resolución provisional, coa finalidade de que lle quede aberta a vía de recurso administrativo e/ou contencioso-administrativo.

Apartado 1.1.1.- Por cada ano de permanencia ininterrompida como persoal funcionario con destino definitivo no centro desde o que concursa.

a) Neste apartado puntúase a permanencia ininterrompida con destino definitivo no centro. Isto implica que o cambio de praza dentro do propio centro non interrompe a permanencia.

b) Unicamente se puntuarán os servizos prestados no corpo ou corpos aos que corresponda a vacante. Isto implica que un mestre/a que estivera destinado no



primeiro e segundo curso da ESO, que accedese ao corpo de profesores de ensino secundario e quedase destinado no mesmo centro como PES, non se lle puntuarán como permanencia ininterrompida os anos que estivese no centro como mestre.

c) A excedencia por coidado de fillos, fillas e familiares e a situación de servizos especiais non interrompe a permanencia. Polo tanto, o tempo transcorrido nestas situacións é computable como permanencia no centro desde o que se concursa.

d) Non teñen puntuación nesta epígrafe o persoal docente que concurse desde outras situacións administrativas distintas das do punto anterior (en particular excedencia voluntaria por interese particular ou excedencia voluntaria por prestación de servizos no sector público).

e) A aquelas persoas que participen desde a situación de destino provisional por supresión da praza ou posto que viñan desempeñando con carácter definitivo, por perder o seu destino en cumprimento de sentenza ou resolución de recurso, ou por provir da situación de excedencia forzosa, ou os que participen como desprazados por falta de horario *puntuaráselles a permanencia ininterrompida desde o centro definitivo inmediatamente anterior ao que perderon, e computaráselles como servizos prestados neste os anos que estiveron con destino provisional en calquera centro despois da perda do destino definitivo.*

Se o centro inmediatamente anterior tamén se obtivese despois dunha supresión, desprazamento por falta de horario ou por perda do destino polas causas mencionadas concursarase, para os efectos deste punto, desde o centro inmediatamente anterior e volveranse a acumular, se fose o caso, o servizos prestados con carácter provisional.

Resulta prudente que de forma especial, o persoal docente que concurse e se encontre neste suposto verifique que a aplicación informática lle está baremando correctamente.

f) Aquelas persoas que participen desde o primeiro destino definitivo obtido despois da supresión ou dos restantes supostos mencionados de perda de destino participarán, para os efectos de puntuación nesta epígrafe desde o centro de destino definitivo inmediatamente anterior.

Apartado 1.1.2.- Por cada ano como persoal funcionario en situación de provisionalidade, sempre que se participe desde esta situación.

a) As situacións de excedencia por coidado de fillos, fillas e familiares e servizos especiais non interrompen o tempo de provisional. Polo tanto, as persoas sen destino definitivo que concursan desde esas situacións terán puntuación nesta epígrafe.



b) O tempo na situación de destino provisional computarase desde o día da toma de posesión como funcionario de carreira ou desde o reingreso ao servizo activo, se é o caso, ata o día do remate do prazo de solicitudes, este incluído. Neste apartado non se puntúan os servizos prestados como persoal funcionario interino.

c) Aquelas persoas que participen desde a situación de destino provisional por supresión da praza ou posto que viñan desempeñando con carácter definitivo, por perder o seu destino en cumprimento de sentenza ou resolución de recurso, ou por provir da situación de excedencia forzosa, non terán puntuación por esta epígrafe posto que os servizos prestados como provisional despois da perda do destino puntuaranse no apartado 1.1.1. como se foran servizos prestados con carácter definitivo.

d) Aquelas persoas que participen desde a situación de destino provisional por supresión da praza ou posto que viñan desempeñando con carácter definitivo, e este fora o primeiro destino definitivo, terán por esta epígrafe a puntuación que lles corresponda polo tempo de servizos prestados con carácter provisional con anterioridade á obtención do primeiro destino definitivo.

e) Aquelas persoas que participen con carácter voluntario desde o seu primeiro destino definitivo obtido por concurso levarán neste apartado a puntuación que lles corresponda polos servizos prestados como provisional como funcionario antes de obter o destino definitivo. Esta puntuación será compatible coa puntuación do apartado 1.1.1.

f) Non levarán puntuación por esta epígrafe aquelas persoas que participen con carácter voluntario desde o seu segundo destino definitivo aínda no suposto de que no seu momento resultaran suprimidas do seu primeiro destino definitivo.

Apartado 1.1.3.- Por cada ano como persoal funcionario na praza, posto ou centro que teña a cualificación de especial dificultade.

a) Procederá asignar puntuación polo epígrafe 1.1.3 ao persoal participante que se encontre nas seguintes situacións:

- Os que participen no concurso con destino definitivo en praza, posto ou centro de especial dificultade.

- Os que participen no concurso conforme ao epígrafe 1.1.2 e durante o tempo de provisionalidade estiveran nunha praza, posto ou centro de especial dificultade.

b) Unicamente se puntuarán os servizos prestados no corpo ou corpos aos que corresponda a vacante.



c) Cando se prestan os servizos con carácter definitivo, non se puntúan os anos que se estivese en situación de servizos especiais, en comisión de servizos fóra do centro, en licenza por estudos, ou supostos análogos que impliquen que non se prestou servizos no centro, pero non interrompe a posibilidade de computar servizos anteriores. Por exemplo: a unha persoa que teña destino definitivo no ano 2007, que estea en comisión de servizos noutro centro no ano 2008, e que se reincorpore no 2009, *non se lle computaría o ano 2008 pero si o ano 2007 e o ano 2009 e seguintes.*

d) Cando se teña destino definitivo nun centro que non ten o carácter de especial dificultade e se está en comisión de servizos noutro centro que si é de especial dificultade, levarase por esta epígrafe a puntuación que corresponda polos anos de servizo ininterrompidos que se leven prestando no centro de especial dificultade

e) É posible acumular períodos de provisional con períodos de definitivo, se se obtivo destino definitivo no mesmo centro no que se tiña destino provisional, sen solución de continuidade.

f) Puntúase ata a data de remate do prazo de solicitudes.

g) Teñen puntuación por esta epígrafe, coas condicións establecidas, os servizos prestados nos centros que figuran nos anexos da orde do 18 de outubro de 2010 (DOG do 28- corrección de erros no DOG do 19 de novembro de 2010), pola que se establecen os centros e postos cualificados de especial dificultade na Comunidade Autónoma de Galicia, actualizado pola Orde do 6 de novembro de 2017 e pola Orde do 22 de outubro de 2021 pola que se engade un anexo V.

h) De conformidade coa disposición transitoria da citada Orde do 18 de outubro de 2010 puntuaríanse como de difícil desempeño os servizos prestados nos centros relacionados na Orde do 24 de outubro de 1990 (agora derogada), ata o 31 de agosto de 2010 (non ata a data de remate de solicitudes), sempre que se concurse desde un deses centros e non estea incluído nos anexos da nova Orde do 2010.

i) Os centros incorporados ao anexo pola Orde do 6 de novembro de 2017 baremaranse desde o curso académico no que reuniron o requisito para incorporarse ao citado anexo.

Apartado 1.2.1. Por cada ano de servizos efectivos prestados na situación de servizo activo como persoal funcionario no corpo ou corpos aos que corresponda a vacante.

a) Nesta epígrafe puntúanse os servizos como persoal funcionario de carreira e interino no corpo polo que se concursa.

b) Este epígrafe puntúase en calquera modalidade de participación. Polo tanto, incluso participando desde a situación de excedencia voluntaria.



- c) O tempo transcorrido en situación de excedencia por coidado de fillos, fillas e familiares e servizos especiais computa por esta epígrafe.
- d) Compútase o tempo como funcionario de carreira ata a data de remate do prazo de solicitudes, este incluído.

Apartado 2.- PERTENZA AOS CORPOS DE CATEDRÁTICOS

Puntúanse 5,0000 puntos por ser funcionario de carreira do corpo de catedráticos de ensino secundario, catedráticos de música e artes escénicas, catedráticos de escolas oficiais de idiomas e de artes plásticas e deseño.

- a) Non é necesario estar en situación de servizo activo. Polo tanto todos os catedráticos terán esta puntuación aínda que participen desde a excedencia ou participen por outro corpo. Por exemplo: tería esta puntuación unha persoa que participara no concurso polo corpo de mestres e fose catedrático en situación de excedencia ou en servizo activo.
- b) Soamente se ten unha puntuación de 5,0000 aínda que se sexa catedrático en máis dun corpo ou no mesmo corpo e se teña máis dunha especialidade.
- c) Resulta irrelevante o tempo de servizos prestados como catedrático para estes efectos. Tense a mesma puntuación. Precisamente unha das novidades da nova normativa do concurso é que non se puntúa a antigüidade como persoal funcionario no corpo de catedráticos.

Apartado 3.1.2.- POLO TÍTULO UNIVERSITARIO OFICIAL DE MASTER DISTINTO DO RQUIRIDO PARA O INGRESO Á FUNCIÓN PÚBLICA DOCENTE, PARA CUXA OBTENCIÓN SE ESIXIRÁN, POLO MENOS, 60 CRÉDITOS.

- a) Téñense en conta soamente os másteres oficiais (só os hai a partir do ano 2005)
- b) Non se baremará por este apartado ningún título de máster esixido para ingreso á función pública docente, aínda que a persoa non o necesitare ou no corpo non se esixira; como por exemplo, para acceder ao corpo de mestres.
- c) Así mesmo, para os efectos do subpunto 3.1.2, cando se alegue o Título de Doutor non se valorará o título de Máster oficial que constituía un requisito de acceso ao doutoramento.
- d) Non se teñen en conta nesta epígrafe do baremo os máster non oficiais, que se puntuarán no apartado de formación.



- e) Igual que no punto 3.1.1, soamente se barema un máster. En consecuencia, nesta epígrafe non se poden superar os 3,000 puntos.
- f) Puntúanse tamén os títulos obtidos no estranxeiro. Neste caso deberán ter a correspondente homologación.

Apartado 3.1.3.- POLO RECOÑECIMENTO DE SUFICIENCIA INVESTIGADORA QUE PERMITA OBTENER O CERTIFICADO-DIPLOMA ACREDITATIVO DE ESTUDOS AVANZADOS.

- a) Este mérito non se baremará cando se alegue o título de doutor. É dicir, é incompatible con ter puntuación no punto 3.1.1.
- b) Non é necesario ter o título acreditativo dos estudos avanzados. É suficiente coa suficiencia investigadora.
- c) Polo tanto, ao que acredite suficiencia investigadora e tamén o DEA non se lle puntuará dúas veces.

Apartado 3.1.4.- POR OBTENER PREMIO EXTRAORDINARIO NO DOUTORAMENTO, NA LICENCIATURA OU GRAO OU, NO CASO DAS TITULACIÓNS OUTORGADAS POLOS CONSERVATORIOS SUPERIORES DE MÚSICA, POLA MENCIÓN HONORÍFICA NO GRAO SUPERIOR.

- a) Soamente se puntuará un premio extraordinario ou unha mención honorífica.
- b) Non se puntuán os premios extraordinarios de diplomaturas nin de Enxeñerías Técnicas.
- c) Tampouco se bareman os premios extraordinarios nas titulacións outorgadas polos conservatorios superiores de música.

Apartado 3.2.1.- TÍTULO UNIVERSITARIO OFICIAL DE GRAO.

No título oficial de grao non hai primeiro e segundo ciclo. A puntuación neste apartado, cando proceda, será de 5,000 puntos ou múltiplos de 5.

Apartado 3.2.2.- POLA SEGUNDA E RESTANTES DIPLOMATURAS, ENXEÑERÍAS TÉCNICAS, ARQUITECTURAS TÉCNICAS OU TÍTULOS DECLARADOS LEGALMENTE EQUIVALENTES E POLOS ESTUDOS CORRESPONDENTES AO PRIMEIRO CICLO DUNHA LICENCIATURA, ARQUITECTURA OU ENXEÑERÍA.

- a) No caso do persoal funcionario docente do subgrupo A2, non se valorará por este punto, en ningún caso, o primeiro título ou estudos desta natureza que se presente.



- b) No caso de persoal funcionario docente do subgrupo A1, non se valorarán por este punto, en ningún caso, o título ou estudos desta natureza que fosen necesarios superar para a obtención do primeiro título de licenciado, enxeñeiro ou arquitecto que se presente.
- c) Non se entenderá como unha titulación do primeiro ciclo a superación dalgún dos cursos de adaptación.
- d) Pode puntuarse máis dunha segunda diplomatura ou dun primeiro ciclo
- e) Enténdese por primeiro ciclo os tres primeiros anos dunha carreira.
- f) Para que se puntúe un primeiro ciclo é necesario que se teñan superado todas as materias ou créditos conducentes para a obtención de ditos títulos ou ciclos. Puntuarase aínda no suposto de que haxa algunha materia validada.
- g) Non se considera unha nova diplomatura a obtención dunha nova especialidade dentro do mesmo título. Se hai expedición de título baremarase unha segunda diplomatura.
- h) Puntúanse tamén os títulos obtidos no estranxeiro. Neste caso deberán ter a correspondente homologación.*

Apartado 3.2.3.- TITULACIÓNS DE SEGUNDO CICLO.

Polos estudos correspondentes ao segundo ciclo de licenciaturas, enxeñerías, arquitecturas ou títulos declarados legalmente equivalentes.

- a) No caso do persoal funcionario docente do subgrupo A1, non se valorarán por este punto, en ningún caso, os estudos desta natureza que sexan necesarios superar (primeiro ciclo, segundo ciclo, o, se é o caso, ensinanzas complementarias), para a obtención do primeiro título de licenciado, enxeñeiro ou arquitecto que se presente.
- b) Pode puntuarse máis dun segundo ciclo.
- c) Puntúanse tamén os títulos obtidos no estranxeiro. Neste caso, deberán ter a correspondente homologación.*
- d) Non se considera unha nova titulación e, polo tanto, un segundo ciclo, a obtención dunha nova especialidade dentro do mesmo título. Se houberse expedición de título, baremarase o segundo ciclo.



Apartado 3.3.- TITULACIÓNS DE ENSINANZAS DE RÉXIME ESPECIAL E DA FORMACIÓN PROFESIONAL.

As titulacións de ensinanzas de réxime especial outorgadas polas escolas oficiais de idiomas, conservatorios profesionais e superiores de música e danza e escolas de arte, así como as de formación profesional, en caso de non ser alegadas como requisito para ingreso na función pública docente ou, se é o caso, que non fosen necesarias para a obtención do título alegado, valoraranse da forma seguinte:

- Por cada título profesional de música ou danza: 1,5000 puntos
- Por cada certificación de nivel C2 do Consello de Europa: 4 puntos
- Por cada certificación de nivel C1 do Consello de Europa: 3 puntos.
- Por cada certificación de nivel B2 do Consello de Europa: 2 puntos.
- Por cada certificación de nivel B1 do Consello de Europa: 1 puntos
- Por cada título de técnico superior de artes plásticas e deseño ou de formación profesional ou equivalente: 2,0000 puntos
- Por cada título de técnico superior deportivo: 2,0000 puntos.

a) Puntúanse con 2 puntos por ser todos eles equivalentes ao B2:

- Certificado de aptitude das ensinanzas reguladas polo Real decreto 967/1988, do 2 de setembro.
- Certificado do nivel avanzado das ensinanzas reguladas polo Real decreto 1629/2006, do 29 de decembro.
- Certificado de nivel intermedio B2 das ensinanzas reguladas polo Real decreto 1041/2017, do 22 de decembro.

b) Puntúase con 1 punto por ser todos eles equivalentes ao B1:

- O certificado do ciclo elemental das ensinanzas reguladas polo Real decreto 967/1988, do 2 de setembro.
- O certificado do nivel intermedio das ensinanzas reguladas polo Real decreto 1629/2006, do 29 de decembro.
- O certificado do nivel intermedio B1 das ensinanzas reguladas polo Real decreto 1041/2017, do 22 de decembro.



- c) Soamente se puntuarán as certificacións expedidas polas Escolas Oficiais de Idiomas.
- d) O título de técnico especialista é equivalente ao título de técnico superior tanto na formación profesional como nas ensinanzas de artes plásticas e deseño.
- e) O título de técnico superior deportivo ten que ser un título correspondente ás ensinanzas deportivas recollidas no Capítulo VII da LOE.
- f) Para valorar as titulación de Técnico Superior de Artes Plásticas e Deseño, Técnico Deportivo superior ou Técnico Superior de Formación Profesional ou equivalente, deberá presentarse certificación académica na que conste de forma expresa que se superaron todas as materias ou créditos conducentes á obtención de ditos títulos.

Apartado 4.1.- POR CADA ANO COMO DIRECTOR/A DE CENTROS PÚBLICOS DOCENTES, EN CENTROS DE PROFESORES E RECURSOS OU INSTITUCIÓN ANÁLOGAS ESTABLECIDAS POLAS ADMINISTRACIÓN EDUCATIVAS NAS SÚAS CONVOCATORIAS ESPECÍFICAS, ASÍ COMO DIRECTOR/A DE AGRUPACIÓN DE LINGUA E CULTURA ESPAÑOLAS.

- a) Valoráranse os cargos desempeñados como persoal funcionario de carreira e como persoal interino, sempre que se teña o nomeamento correspondente.
- b) Cando se desempeñe simultaneamente máis dun cargo deste punto, ou cun dos relacionados no 4.2, ou 4.3, 6.4 ou 6.6 só se puntuará un deles e elixírase o que outorgue máis puntuación ao participante.
- c) Os cargos non están relacionados co corpo ao que corresponda a vacante. Polo tanto, a modo de exemplo, unha dirección dun centro de educación infantil e primaria sería puntuable a un funcionario que concurse polo corpo de profesores de ensino secundario.
- d) Non se puntuará ser responsable de centros de menos de tres unidades.
- e) Como para todos os puntos do baremo, puntúanse os méritos ata o día que remata o prazo de solicitudes, este incluído.

Apartado 4.2.- POR CADA ANO COMO VICEDIRECTOR/A, SUBDIRECTOR/A, XEFE DE ESTUDOS, SECRETARIO/A E ASIMILADOS EN CENTROS PÚBLICOS DOCENTES.

- a) Valoráranse os cargos desempeñados como funcionario de carreira e como funcionario interino, sempre que se teña o nomeamento correspondente.



b) Cando se desempeñe simultaneamente máis de un cargo deste punto, ou cun dos relacionados no 4.1 ou 4.3, 6.4 ou 6.6 só se puntuará un deles e elixírase o que lle outorgue máis puntuación ao participante.

c) Os cargos non están relacionados co corpo ao que corresponda a vacante. Polo tanto, a modo de exemplo, unha xefatura de estudos dun centro de educación infantil e primaria puntuaríase a un funcionario que concurse polo corpo de profesores de ensino secundario.

d) Son puntuables:

- A vicedirección
- A subdirección
- A xefatura de estudos
- A xefatura de estudos de nocturno
- A xefatura de estudos de adultos
- A xefatura de estudos de primaria
- A xefatura de estudos de secundaria
- A xefatura de estudos de extensión
- A xefatura de estudos de sección de formación profesional
- A xefatura de estudos de extensión de EOI
- A xefatura de estudos adxunta
- Delegado ou delegada da xefatura de estudos de instituto de bacharelato ou similares en Comunidades Autónomas.
- Director/a-xefe/a de estudos de sección delegada
- Dirección de Sección Filial
- Dirección de centro oficial de Patronato de Ensinanza Media.
- Secretario ou secretaria
- Secretario ou secretaria adxunto



- Xefatura de Residencia
- Administrador ou administradora en centros de formación profesional.
- Profesora ou profesor delegado no caso da Sección de Formación Profesional.
- A vicesecretaría

e) Non é necesario estar desempeñando un cargo actualmente para ter puntuación por este apartado.

f) Coma por todos os puntos do baremo puntúanse os méritos ata o día que remata o prazo de solicitudes, este incluído.

g) Valoraranse os cargos desempeñados como persoal funcionario de carreira e como persoal funcionario interino.

Apartado 4.3.- Por cada ano como coordinador/a de ciclo, coordinador/a do proxecto Abalar, coordinador de centro plurilingüe, asesor AMTEGA, coordinador de centro plurilingüe, coordinador de sección bilingüe, coordinador de auxiliares de conversa, responsable/coordinador do equipo de actividades complementarias e extraescolares, responsable/coordinador das dinamizacións das TIC, responsable/coordinador de biblioteca, da responsable/coordinador da convivencia escolar, responsable da mellora da calidade educativa e de programas internacionais, coordinador dos equipos de normalización e dinamización lingüística, coordinador do equipo de dinamización da lingua galega, coordinador de formación en centros de traballo, coordinador do bacharelato internacional, coordinador de emprendemento, coordinador de programas internacionais, coordinador de innovación e formación do profesorado, coordinador de biblioteca de centro integrado, coordinador de residencia, xefe de seminario, departamento ou división de centros públicos docentes, asesor de formación permanente, asesor Abalar, asesor Siega, asesor da Consellería de Cultura, Educación e Universidade ou director dun equipo de orientación educativa e psicopedagóxica, así como polo desempeño da función titorial exercido a partir da entrada en vigor da LOE.

Valoraranse os cargos desempeñados como persoal funcionario de carreira e como persoal funcionario interino.

Cando se desempeñe simultaneamente máis de un cargo deste punto, ou cun dos relacionados no 4.1 ou 4.2, 6.4 ou 6.6 só se puntuará un deles e elixírase o que lle outorgue máis puntuación ao participante.



Os cargos non están relacionados co corpo ao que corresponda a vacante. Polo tanto, a modo de exemplo, unha coordinación de ciclo de primaria sería puntuable ao persoal funcionario que concurse polo corpo de profesores de ensino secundario.

Teñen puntuación por este apartado:

- Os coordinadores ou coordinadoras de ciclo
- Os coordinadores ou coordinadoras do proxecto Abalar
- Os asesores AMTEGA
- Coordinador do centro plurilingüe
- Coordinador de sección bilingüe
- Coordinador de auxiliares de conversa
- Responsable/coordinador do equipo de actividades complementarias e extraescolares.
- O persoal responsable das dinamizacións das TIC.
- O persoal responsable das bibliotecas.
- O persoal responsable da convivencia escolar.
- O persoal responsable da mellora da calidade educativa.
- O persoal responsable de programas internacionais.
- Os coordinadores ou coordinadoras dos equipos de normalización e dinamización lingüística (DA segunda do Decreto 124/2007).
- Os coordinadores ou coordinadoras dos equipos de dinamización da lingua galega (DA cuarta do Decreto 79/2010, do 20 de maio).
- Titores ou titoras de grupos de alumnos, a partir do 23 de maio de 2006.
- Titor ou titora de ciclo formativo, a partir do 23 de maio de 2006
- Titor ou titora de FCT a partir do 23 de maio de 2006.
- Xefatura de departamento de normalización lingüística.
- Xefatura do departamento de orientación



- Xefatura do departamento de actividades complementarias e extraescolares
- Xefatura de departamento didáctico (de materia)
- Coordinador ou coordinadora de formación en centros de traballo
- Xefaturas de departamento específicas da Escola de Arte Dramático
- Coordinador ou coordinadora de cada especialidade de Estudos superiores de deseño
- Coordinadores específicos dos Centros Integrados de Formación Profesional
- Xefatura de departamento de cada idioma nas EOI
- Xefatura de departamento de instrumento nos Conservatorios
- Coordinadores ou coordinadoras de áreas en bacharelato.
- Os asesores ou asesoras dos centros de formación e recursos
- Os asesores ou asesoras da Consellería Cultura, Educación e Universidade
- Os asesores ou asesoras Abalar
- Os asesores ou asesoras SIEGA
- As direccións dos equipos psicopedagóxicos de apoio
- As direccións dos equipos de orientación específica

Apartado 5.1.- ACTIVIDADES DE FORMACIÓN SUPERADAS

√ A normativa anterior ao Real Decreto 1364/2010, do 29 de outubro, facía referencia a cursos superados. Agora pasase ao termo máis amplo de “actividades de formación”.

√ As actividades non teñen que estar relacionadas coa especialidade pola que se concursa senón con calquera das especialidades do corpo ao que pertenza o funcionario ou funcionaria.

√ Puntúanse as actividades de formación que estiveran organizadas por:

- A Consellería de Cultura, Educación e Universidade.



- O Ministerio de Educación e Formación Profesional ou as consellerías de Educación das restantes comunidades autónomas.
- Institucións sen ánimo de lucro sempre que as actividades estean homologadas ou recoñecidas por administracións educativas.
- As universidades (sen necesidade de que estean homologadas ou recoñecidas se se realizaron con anterioridade ao 23 de maio de 2013, data da entrada en vigor da Orde do 14 de maio de 2013, pola que se regula a convocatoria, o recoñecemento, a certificación e o rexistro das actividades de formación permanente do profesorado de Galicia)

As universidades, nas actividades realizadas a partir do 23 de maio de 2013, sempre que a actividade sexa recoñecida.

a) Son actividades de formación:

- os cursos
- seminarios permanentes
- grupos de traballo
- proxectos de formación
- congresos
- xornadas
- mesas redondas
- Piale
- Talleres
- Encontros
- Obradoiros

b) Non son puntuables por este apartado as actividades equiparables ás de formación permanente, como son:

- Proxectos de investigación.
- Actividades de innovación educativa





- Participación en programas europeos: Sócrates, Leonardo da Vinci, Interreg, visitas Cedefop, etc.
- Titulacións universitarias
- Titorías en prácticas

c) En ningún caso se recoñecen como formación permanente do profesorado os cursos conducentes á obtención dunha titulación académica.

d) As actividades de formación poderán ser presenciais ou en rede ou mixtas.

e) A Orde de convocatoria do concurso non distingue entre universidades públicas e privadas, polo que se computarán as actividades das dúas, realizadas con anterioridade ao 23 de maio de 2013. As posteriores deberán ter o correspondente recoñecemento.

f) A persoa coordinadora dun proxecto de formación no propio centro, dun grupo de traballo ou dun seminario permanente é un asistente ao curso, e puntuarase por esta epígrafe.

g) O titor dunha actividade de formación a distancia é unha persoa que imparte o curso. Non puntúa nesta epígrafe.

h) Os coordinadores dunha actividade son asistentes dende o 12 de abril de 2007 e a Orde do 14 de maio de 2013. Os coordinadores anteriores á dita data non son asistentes, sen prexuízo de que teñan outra certificación. Asemade, os coordinadores dos cursos non son relatores. Para iso terían que traer outro certificado e entre as horas de relator e de coordinador non se pode superar o tempo de duración da actividade. Esta certificación pode ser única.

i) Non se puntuarán actividades de formación que non estean rematadas na data de finalización do prazo de solicitudes. En consecuencia, non se puntúan actividades de formación en curso, aínda que na data de remate do prazo de presentación de solicitudes estea a piques de rematar. A data que se toma como referencia é a de certificación da realización da actividade.

j) Puntuaranse os cursos de especialización para a obtención dunha especialidade no corpo de mestres.

k) Puntuáanse os títulos propios das universidades anteriores ao 23 de maio de 2013. Os posteriores deberán ter o correspondente recoñecemento do servizo de formación.





- l) Puntúanse os máster non oficiais das universidades e os cursos de posgrao. Os posteriores deberán ter o correspondente recoñecemento do servizo de formación.
- m) Puntúanse 0,1000 puntos por cada 10 horas de formación. Para estes efectos sumaranse as horas de todas as actividades non puntuándose o resto de número de horas inferior a 10.
- n) Cando as actividades veñan expresadas en créditos entenderase que cada crédito equivale a 10 horas.
- o) En caso de discrepancia entre créditos e horas da actividade de formación darase valor ás horas, e, cando sexa o caso, ás horas recoñecidas.
- p) Puntuaranse os cursos convocados pola Dirección Xeral de Política Lingüística e a Secretaria Xeral de Política Lingüística (acordo Consello da Xunta de Galicia do 27 de xullo de 2006) ata o 23 de maio de 2013.
- q) Puntúanse os cursos de iniciación e perfeccionamento de galego ou as súas validacións. Non se baremarán simultaneamente os cursos de iniciación e perfeccionamento e as súas validacións.
- r) Os Celgas non teñen baremación.

Apartado 5.2.- POLA IMPARTICIÓN DAS ACTIVIDADES DE FORMACIÓN E PERFECCIONAMENTO INDICADAS NA SUBEPÍGRAFE 5.1.

- a) Puntúanse as actividades da subepígrafe anterior, a 5.1., só que agora teñen que ser horas de relator.
- b) Enténdese como relator o titor dos cursos en rede.
- c) Cando as actividades veñan expresadas en créditos entenderase que cada crédito equivale a 10 horas.
- d) En caso de discrepancia entre os créditos e as horas, daráselles valor ás horas.
- e) Puntúanse 0,100 puntos por cada 3 horas. Para estes efectos sumaranse as horas de todas as actividades, e non se puntuarán o resto de número de horas inferior a 3.

Apartado 5.3.- POR CADA ESPECIALIDADE DA QUE SEXA TITULAR CORRESPONDENTE AO CORPO POLO QUE SE CONCURSA E DISTINTA Á DE INGRESO NESTE, ADQUIRIDA A TRAVÉS DO PROCEDIMENTO DE ADQUISICIÓN DE NOVAS ESPECIALIDADES PREVISTOS NOS REAIS DECRETOS 850/1993, DO 4 DE XUÑO, 334/2004, DO 27 DE FEBREIRO E 276/2007, DO 23 DE FEBREIRO.



- a) Só se puntuará ser titular dunha especialidade distinta da de ingreso se se obtivo por un dos procedementos de adquisición de nova especialidade que se citan.
- b) Ten que ser unha especialidade correspondente ao corpo polo que se concursa. Por exemplo, a unha persoa que concursa polo corpo de mestres non se lle puntuará unha especialidade que obtivera no corpo de profesores de ensino secundario.
- c) Para estes efectos teranse en conta a relación de corpos de catedráticos que para os efectos de participación o fan polo corpo de profesores correspondente.
- d) Non se puntuán, en consecuencia, as especialidades obtidas mediante procedementos de habilitación ou por outros procedementos de adquisición de especialidade (titulación ou experiencia)
- e) Non se puntuán, en consecuencia, as especialidades obtidas mediante desdobramentos (Real Decreto 1635/1995)

Apartado 6.1 e 6.3.- Publicacións, premios ou participación en proxectos de investigación ou innovación no ámbito da educación e méritos artísticos e literarios.

En relación coa puntuación dos apartados 6.1 e 6.3 non se baremarán publicacións que constitúan programacións didácticas, temarios de oposicións, traballos de asignaturas de carreira, mestrado ou doutourado, edicións de centros docentes e de formación do profesorado, publicacións de prensa nin artigos de opinión. Unha publicación só será valorada nunha das súas edicións. Aplicaranse os criterios de valoración establecidos pola comisión baremadora do concurso de traslados convocado pola Orde do 8 de novembro de 2010.

Os criterios de valoración dos apartados 6.1, 6.2 e 6.3 publícanse como anexo XIX da orde de convocatoria.

Apartado 6.4.- POR CADA ANO DE SERVIZO DESEMPEÑANDO POSTOS NA ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA DE NIVEL DE COMPLEMENTO DE DESTINO IGUAL OU SUPERIOR AO ASIGNADO AO CORPO POLO QUE SE CONCURSA.

- a) Non se puntuán estes servizos, se fosen prestados con anterioridade ao acceso á condición de funcionario docente.
- b) Non se puntuará o desempeño destes postos en consellerías que non sexan a de Educación, Universidade e Formación Profesional, ministerio ou consellerías de Educación doutras comunidades autónomas.
- c) Non se puntuán neste punto as asesorías.



d) Cando se desempeñe simultaneamente máis dun cargo deste punto, ou cun dos relacionados no 4.1 ou 4.2, 4.3 ou 6.6 só se puntuará un deles e elixírase o que outorgue máis puntuación ao participante.

e) Neste apartado puntúase o posto de Asesor técnico docente no estranxeiro.

Apartado 6.5.- POR CADA CONVOCATORIA NA QUE SE ACTUASE EFECTIVAMENTE COMO MEMBRO DOS TRIBUNAIS DOS PROCEDIMENTOS SELECTIVOS DE INGRESO OU ACCESO AOS CORPOS DOCENTES AOS QUE SE REFIRE A LOE.

Por este subpunto unicamente se valorará o formar parte dos tribunais a partir da entrada en vigor do Real Decreto 276/2007, do 23 de febreiro (BOE 2 de marzo)

a) Non é suficiente con saír como membro do tribunal no sorteo. É preciso constituír tribunal e actuar.

b) A participación na comisión de selección non implica unha nova actuación noutro tribunal para os efectos de baremo.

c) A presidencia do tribunal está incluída na baremación como un membro máis.

d) Aínda que é difícil, é posible nun mesmo ano actuar en dous tribunais. A puntuación é por cada convocatoria e non por ano, polo que podería pasar que un mesmo ano se resolvesen ou se realizasen dúas convocatorias.

e) Non se puntúa formar parte de tribunais de acceso ou ingreso en corpos que non sexan os contemplados na LOE, aínda que sexan docentes. Por exemplo, non se puntúa formar parte dos tribunais para seleccionar ao profesorado dependente da consellería de Pesca.

f) Puntúanse tamén as convocatorias de acceso. Polo tanto, teñen puntuación os membros dos tribunais que participaron no acceso aos corpos de catedráticos.

g) A puntuación é a partir do ano 2007.

h) A puntuación é de 0,500 puntos por cada convocatoria na que se actuase como membro dos tribunais.

Apartado 6.6.- POR CADA CURSO DE TITORIZACIÓN DAS PRÁCTICAS DO TÍTULO UNIVERSITARIO OFICIAL DE MASTER OU, SE É O CASO, DA FORMACIÓN EQUIVALENTE REGULADA POLA ORDE EDU/2645/2011, DO 23 DE SETEMBRO, PARA ACREDITAR A FORMACIÓN PEDAGÓXICA E DIDÁCTICA ESIXIDA PARA EXERCER A DOCENCIA EN DETERMINADAS ENSINANZAS DO SISTEMA EDUCATIVO, ASÍ COMO POLA TITORIZACIÓN



DAS PRÁCTICAS PARA A OBTENCIÓN DOS TÍTULOS UNIVERSITARIOS DE GRAO QUE O REQUIRAN

- a) Ten que ser unha titorización das prácticas do título oficial do máster para acreditar a formación pedagóxica e didáctica.
- b) Polo tanto, non se puntúa a titorización da formación anterior ao establecemento deste máster. Por exemplo, do alumnado do Curso de Aptitude Pedagóxica (CAP), ou do título profesional de especialización didáctica, ou do certificado de cualificación pedagóxica ou dos estudos de profesor de educación xeral básica ou de mestre.
- c) Cando se desempeñe simultaneamente máis dun cargo deste punto, ou xunto con un dos relacionados no 4.1., 4.2, 4.3 ou 6.4 só se puntuará un deles e elixírase o que outorgue máis puntuación ao participante.

Asinado electronicamente en Santiago de Compostela,

O director xeral de Centros e Recursos Humanos

Jesús Manuel Álvarez Bértolo

